

# Programa de arraigo para a formación



Máis información en:  
[www.emplo.xunta.gal/proxecto-arraigo/](http://www.emplo.xunta.gal/proxecto-arraigo/)

Programa dirixido a persoas migrantes en Galicia en situación irregular para que **obteñan unha autorización de residencia e de traballo facilitando a súa integración sociolaboral e poder regularizar a súa situación**



## Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias do Programa de arraigo para a formación as persoas migrantes en Galicia en situación irregular que:

- Acrediten unha **permanencia continuada en España** durante un período mínimo de 2 anos previos a solicitude de autorización de residencia (as ausencias de España non poderán superar os 120 días nun período de tres anos, ou 90 días en dous anos).
- **Carecer de antecedentes penais** en España, no seu país de orixe ou países nos que residira durante os últimos cinco anos.
- Comprometerse a **realizar a formación do programa** dentro do seu itinerario individualizado.
- **Non ser cidadán (ou familiar de cidadán)** dun Estado da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou de Suiza.
- Non atoparse, se é o caso, dentro do prazo de **compromiso de non retorno a España** que a persoa estranxeira tivera asumido ao retornar voluntariamente ao seu país de orixe.
- **Non ter prohibida a entrada en España** e non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos que España teña asinado un convenio en tal sentido.
- Estar **empadroada nun concello galego**.



## Accións a realizar no programa

- Elaboración dun **itinerario individualizado** de arraigo para a formación.
- Formación capacitante para obter a **autorización de arraigo para a formación**.
- Formación en **igualdade**.
- **Asesoramento e apoio na formación** para a obtención do permiso de conducción clase B1.
- **Prospección empresarial** para a detección de sectores con maiores posibilidades de inserción laboral.
- **Inserción laboral** a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada.
- Acompañamento durante todo o proceso de arraigo para a formación, **incluída a fase de inserción laboral**, e seguimento individualizado.

Estas actuacións serán **gratuítas** para as persoas participantes.



## Contidos do itinerario personalizado

O itinerario personalizado de arraigo para a formación incluírá, cando menos:

- Asesoramento e acompañamento no **proceso de solicitude de autorización de residencia de arraigo para a formación** e nos trámites que deba realizar a persoa con carácter previo a iniciar a formación.
- **Diagnose de empregabilidade e elaboración de perfil laboral** da persoa que permita definir o ámbito de formación máis axeitado para poder obter unha saída profesional que lle permita acadar un posto de traballo.
- Acción formativa de corta duración (microcredencial) cunha duración máxima de 170 horas, **conducente á obtención da autorización de residencia por arraigo** para a formación.
- En relación coas accións formativas:
  - Poderán contemplar **prácticas profesionais non laborais**.
  - As persoas que as superen con aproveitamento **recibirán unha certificación** acreditativa emitida conxuntamente pola entidade e pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Formación en **igualdade** (10 horas).
- **Asesoramento e apoio na formación** para a obtención do permiso de conducción clase B1.



## Como participar no programa

As entidades colaboradoras da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración encargaranse de seleccionar ás persoas participantes, polo que as persoas interesadas **deben dirixirse a estas entidades** para solicitar a súa participación.

Todas estas entidades están obrigadas a cumprir a **normativa de protección de datos persoais** e a garantir os dereitos dixitais das persoas que amosen o seu interese por participar no programa.

Pode accederse ao **listado actualizado de entidades colaboradoras** no programa neste código QR.

Máis información



VR 260912024

- Pulsa para acceder -